



Concello de Vigo
Servizo de Recursos Humanos

**PREGO DE CONDICIÓNES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DUN
SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A CONTRATACIÓN DA
ESPECIALIDADE DA VIXILANCIA DA SAÚDE**

I.- OBXECTO DO CONTRATO

1.- Contratación dun Servizo de Prevención Alleo, en adiante (SPA) para a realización da especialidade de Vixilancia da Saúde, para todo o persoal do Concello de Vigo, persoal funcionario de carreira, interino ou eventual, cargos públicos da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial que coticen á Seguridade Social, así como ao persoal laboral e contratado a través de convenios, traballos temporais de colaboración social ou promoción de iniciativas locais de emprego, Escolas Taller, Casas de Oficios e supostos semellantes.

2.- A efectos de que teñan coñecemento actual do alcance do obxecto, o persoal deste Concello no ano 2010 foi aproximadamente de 1500 persoas.

3.- Queda expresamente excluído o persoal dos Organismos Autónomos Municipais incluído nos seus propios cadros de persoal e relación de postos de traballo.

4.- Ampliar a oferta que o Concello de Vigo presta aos empregados públicos municipais para a vixilancia e control da saúde, máis aló das obrigas que impón a normativa, segundo o establecido no punto II.

II.- CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

A realización da Vixilancia da Saúde se realizará segundo a lexislación de aplicación en vigor, en concreto artigo 22 da Lei 31/95, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais e artigos 18, 19, 20 e 37 do R.D. 39/1997, do 17 de xaneiro, Regulamento dos Servizos de Prevención.

A) RECOÑECEMENTOS MÉDICOS DE VIXILANCIA DA SAÚDE EN FUNCIÓN DOS RISCOS DO POSTO DE TRABALLO

Os recoñecementos médicos faranse na Casa Consistorial ou no Parque Central de Servizos, segundo o lugar de traballo dos empregados públicos municipais. Para isto, porase a disposición do Concello, un médico e unha ATS-DUE capacitados para realizar os recoñecementos médicos segundo os protocolos que se aproben no Comité de Seguridade e Saúde Laboral, que desenvolverán o seu traballo diario na Casa do Concello de Vigo, todos os días laborables en horario de 8.00 - 15.00 horas do 15 de setembro ao 15 de xuño e en horario de 8.00 - 14.00 horas do 15 de xuño ao 15 de setembro. Durante o período de vacacións, baixas prolongadas por enfermidade ou permisos deberán cubrir o servizo con outra persoa de iguais características (médico -capacitado para realizar os recoñecementos médicos- e



Concello de Vigo

Servizo de Recursos Humanos _

ATS/DUE de empresa). Tamén se deberá instalar nas dependencias do Concello de Vigo o equipamiento que é necesario para a realización deses recoñecementos médicos, coas autorizacións, certificacións, verificacións e calibracións necesarias, que, de acordo coa Orde do 10 de setembro de 1999 pola que se regulan as competencias da autoridade sanitaria establecidas no Regulamento dos servizos de prevención aprobado polo Real decreto 39/1997, será, como mínimo:

- Electrocardiógrafo.
- Peso clínico.
- Medidor.
- Megatoscopio.
- Otoscopio.
- Rinoscopio.
- Oftalmoscopio.
- Fonendoscopio.
- Esfigmomanómetro.
- Neveira e termómetro de máximas e mínimas.
- Espirómetro homologado.
- Equipo para control visión homologado.
- Audiómetro e cabina homologados.
- Laboratorio: propio ou concertado.
- Equipo de radiodiagnóstico: propio ou concertado.
- Contedor de residuos sanitarios.

Ademais o médico e a ATS-DUE contarán cun botiquín con todo o necesario para asistencias de primeiros auxilios (vendax, esparadrapos, algodón, suero fisiolóxico, antitérmicos, apósitos, antibióticos, antisépticos, pomada antibiótica ocular, colirio, xeringa para tapóns oídos, desinfectantes, etc...), así como co material e equipamento que deseguido se relaciona:

- (1) maletín RCP (con bombona de osíxeno, ambú, tubos de Guedell, incluído mantemento necesario e reposicións)
- (1) lupa con luz de pé para exploración ocular e de corpos estranos
- (1) taburete (ergonómico, con respaldo, 5 rodas e regulación a gas)
- (1) carro de curas con 2 bandexas superiores e plano inferior
- (1) optotipo retroiluminado visualización 2,5 m
- (1) medidor de glucosa capilar con tiras reactivas
- (1) equipo de esterilización
- (1) mesa auxiliar con bandexa superior e plano de aceiro inoxidable con 2 caixóns
- (1) vitrina mural esmaltada con chave
- (1) mesa auxiliar 2 planos aceiro inox
- (1) camilla metálica 2 corpos con rolo de papel
- (1) camilla (sillón) articulada 3 corpos
- (1) papelera cubo pedal aceiro inox
- (1) colector de residuos biolóxicos
- (1) lavabo aceiro inox
- (1) espello
- (1) dispensador automático de papel
- (1) dispensador automático de xabón antiséptico
- material cirúrxico (equipo de sutura (2), pinzas (2), tesoiras (2) e bisturí (2))



Concello de Vigo

Servizo de Recursos Humanos _

- (2) mesa de traballo
- (2) cadeira de traballo (5 rodas, repousabrazos, regulables en altura a gas, respaldo regulable en altura e profundidade, etc...)
- (1) atril
- (2) repousapés
- (3) cadeiras tipo confidente
- (2) caixoneras (3 caixóns con rodas e chave)
- (3) percheiros
- (2) papeleiras para oficina
- material de oficina para dúas persoas
- (2) carros con carpetas colgantes
- (2) armarios con chave para custodia de documentación
- (1) estantería para oficina
- (2) ordenadores (de sobremesa con software necesario para a realización do traballo, tarxeta de vídeo e audio, altavoces, conexión a internet, pantalla plana regulable en altura, teclado ergonómico, rato inalmábrico, e alfombrilla ergonómica para o rato)
- (2) impresoras (unha delas coas funcións de escáner, fotocopiadora e fax e consumibles)
- (1) bancada de 3 asentos para sala de espera
- (1) mesa auxiliar para sala de espera
- cortinas /estores para 8 fiestras
- (3) aparato de aire acondicionado frío/quente
- material funxible e desbotable (depresores linguais, luvas látex, xeringas, agullas para xeringas, rolos papel camilla, papel dispensador, xabón desinfectante, bombillas, etc...) necesario para a realización da vixilancia da saúde
- vestuario laboral (4 batas e calzado ergonómico sanitario para 2 persoas)
- EPI'S necesarios para o traballo en función da avaliación de riscos do posto
- Boneco/a simulador de situacións de emerxencia para a realización de prácticas soporte vital básico e DEA e primeiros auxilios, para utilización en actividades formativas

Todo o mobiliario de oficina deberá cumprir parámetros ergonómicos.

Todo o material e equipamento deberá estar disposto e en correcto estado de funcionamento nas instalacións a ocupar, dende o primeiro día do inicio da actividade. No caso de reposición, esta se realizará de forma áxil.

Para os recoñecementos médicos do Parque Central de Servizos se dotará a este centro con este mesmo equipamiento. Non se admitirán recoñecementos médicos en unidades móbiles.

Deberán realizarse as actividades que a continuación se relacionan. Diferenciamos entre actividades colectivas e actuacións individuais.

A- ACTIVIDADES COLECTIVAS

A.1.- Análise e Programación Actuación Sanitaria:

- 1.- Análise do Estado de Saúde
- 2.- Análise de riscos para a saúde



Concello de Vigo

Servizo de Recursos Humanos

Inclúe a determinación de postos con recoñecemento obrigatorio para a súa consulta cos traballadores ou os seus representantes segundo os artigos 22 e 33 da LPRL, cuxos traballadores teñen obriga de realizarse o recoñecemento médico.

- 3.- Visita aos centros de traballo do Concello
- 4.- Planificación das intervencións a realizar.

A.2.- Información e Documentación:

- 1.- Análise epidemiolóxico dos resultados obtidos.
- 2.- Plan de necesidades de formación e información en materia de Medicina do traballo aos traballadores.
- 3.- Formación / Información dos traballadores en Medicina do traballo.
- 4.- Informe de Medidas Preventivas Recomendadas.
- 5.- Campañas de sensibilización.

5.- Documentación:

- Programa específico de Vixilancia da Saúde
- Informe de Postos con recoñecemento médico obrigatorio
- Resultados da Vixilancia Específica
- Análise Epidemiolóxico
- Informe sobre Medidas Preventivas
- Memoria Anual

B- ACTUACIÓNS INDIVIDUAIS

1.- Programación e realización de exames da saúde; tanto obrigatorios como voluntarios:

1.a.- Contido:

Xeneral:

- Antecedentes laborais
- Antecedentes e hábitos personais
- Datos antropométricos
- Tensión arterial
- Exploración física completa por órganos e aparatos

Específico:

- Encosta por risco
- Descrición das tarefas do posto, exposición a riscos, medidas preventivas e uso de EPI.
- Exploracións específicas segundo protocolos.
- Analíticas.
- Probas complementarias, en función dos riscos e exploracións realizadas, con informe médico individual.
- Vacinas, en función dos riscos do posto de traballo.

1.b.- Tipos:

- De incorporación dun novo traballador ao traballo
- Assignación dun traballador a unha nova tarefa con novos riscos



Concello de Vigo

Servizo de Recursos Humanos

- Tras unha ausencia prolongada dun traballador por motivos de saúde
- Traballadoras en situación de embarazo ou parto recente
- Traballadores especialmente sensibles
- Traballadores menores
- Periódicos, en función de riscos e nivel de exposición

1.c.- Periodicidade:

- O servizo médico, na protocolización dos postos de traballo, determinará con que periodicidade se deben realizar os recoñecementos médicos en cada posto de traballo. Ademais este criterio poderá ser modificado a nivel persoal para cada traballador, en función dos resultados obtidos.

2.- Información sobre resultados:

- Individuais ao traballador.
- Ao Concello, gardando a confidencialidade dos resultados individuais.

O Servizo de Prevención Alleo farase cargo da xestión, retirada e dotación de contenedores para os residuos clínicos xerados polas actividades que desenvolvan.

B) SERVICIOS ADICIONAIS

1.- Presenza continuada dun médico no Parque Central de Servizos de Santa Cristina en horario de 8.00 - 15.00 horas do 15 de setembro ao 15 de xuño e en horario de 8.00 - 14.00 horas do 15 de xuño ao 15 de setembro, co obxecto de prestar a asistencia sanitaria xeral, primeiros auxilios no caso necesario, actividades formativas, informativas e campañas de sensibilización aos empregados públicos municipais relacionadas coa vixilancia da saúde. Durante o período de vacacións e baixas prolongadas por enfermidade deberán cubrir o servizo con outra persoa de iguais características. Dotación do equipamento e material necesario para a prestación do servizo, que deseguido se relaciona:

- (1) maletín RCP (con bombona de osíxeno, ambú, tubos de guedell, incluído mantemento necesario e reposicións)
- (1) lupa con luz de pé para exploración ocular e de corpos estranos
- (1) taburete (con respaldo, 5 rodas e regulación a gas)
- (1) camilla metálica 2 corpos con rolo de papel
- (1) carro de curas con 2 bandexas superiores e plano inferior
- (1) mesa auxiliar con bandexa superior e plano de aceiro inoxidable con 2 caixóns
- (1) lavabo aceiro inox
- (1) espello
- (1) vitrina mural esmaltada con chave
- (1) botiquín con todo o necesario para asistencias de primeiros auxilios (vendas, esparadrapos, algodón, suero fisiolóxico, antitérmicos, apósitos antibióticos e antisépticos, pomada antibiótica ocular, colirio, xeringa para tapóns oídos, desinfectantes, etc...)
- (1) negatoscopio



Concello de Vigo

Servizo de Recursos Humanos _

- (1) otoscopio
- (1) oftalmoscopio
- (1) fonendoscopio
- (1) tensiómetro de brazo
- (1) termómetro de máximas e mínimas
- (1) medidor de glucosa capilar con tiras reactivas
- (1) nevera
- (1) equipo de esterilización
- (1) dispensador automático de papel
- (1) dispensador automático de xabón antiséptico
- (1) papelera cubo pedal aceiro inox
- (1) colector de residuos biolóxicos
- material cirúrxico (equipo de sutura (2), pinzas (2), tesoiras (2) e bisturí (2))
- (2) cadeira de traballo (5 rodas, repousabrazos, regulables en altura a gas, respaldo regulable en altura e profundidade, etc...)
- (1) caixonera (3 caixóns, rodas e chave)
- (1) cadeira de traballo (ergonómica)
- (1) atril
- (1) repousapés
- (2) cadeiras tipo confidente
- (1) carro con carpetas colgantes
- (1) percheiro
- (1) papeleira para oficina
- material de oficina
- (1) armario para custodia de documentación e manuais (con chave)
- (1) ordenador portátil con software necesario para o traballo, tarxeta de vídeo e audio, altavoces, conexión a internet, soporte ordenador, teclado ergonómico, rato, e alfombrilla ergonómica para o rato)
- (1) impresora (coas funcións de escáner, fotocopiadora e faxe consumibles)
- (1) proxector para charlas formativas
- (2) aparatos de aire acondicionado frío/quente
- (1) bancada de 3 asentos para sala de espera
- (1) mesa auxiliar para sala de espera
- cortinas /estores para fiestras
- material funxible desbotable (depresores, luvas látex, rolos papel camilla, papel dispensador, xabón desinfectante, etc...) necesario para a realización da actividade
- vestuario laboral (2 batas e calzado ergonómico tipo zocos para unha persoa)
- EPI'S necesarios para o traballo en función da avaliación de riscos do posto

Todo o mobiliario de oficina deberá cumprir parámetros ergonómicos.

Todo o material e equipamento deberá estar disposto e en correcto estado de funcionamento nas instalacións a ocupar, dende o primeiro día do inicio da actividade. No caso de reposición, esta se realizará de forma áxil.

2.-Instalación e mantemento de columnas de rescate cardíaco na Casa Consistorial e no Parque Central de Servizos. Formación inicial e de reciclaxe ao persoal autorizado para o seu uso, segundo lexislación de aplicación.





Concello de Vigo
Servizo de Recursos Humanos_

3.- Revisións xinecolóxicas (exploración, citoloxía e ou mamografía/ecografía mamaria, para maiores de 45 anos ou menores por prescripción facultativa), revisións urolóxicas (análise de antíxeno prostático PSA e, no seu caso consulta e probas complementarias co especialista para maiores de 45 anos ou menores por prescripción facultativa), revisións odontolóxicas (revisión e limpeza bucodental anual) e oftalmoloxía (control visión por prescripción facultativa).

Vigo, 24 de novembro de 2010

As técnicas de Prevención de Riscos Laborais


Aranzazu González Soengas


Isabel Cabeza Pereiro





Concello de Vigo
Servizo RR.HH.

Servizo Prevención Riscos Laborais

**INFORME ADICIONAL SELECCIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO
PARA A CONTRATACIÓN DA ESPECIALIDADE DA VIXILANCIA DA SAÚDE**

ORZAMENTO

1.- A contraprestación a percibir polo SPA seleccionado non poderá exceder da cantidade de 150000 € anuais.

Esta cantidade (150000 € anuais) é o prezo de mercado, tendo en conta que o contrato obriga á contratación de dous médicos e unha ATS, á instalación de todo o equipamento necesario para os locais sanitarios no Concello, a realización dos recoñecementos médicos de vixilancia da saúde, a instalación e mantemento de dúas columnas de rescate cardíaco, e as revisións xinecolóxicas, urolóxicas, oftalmolóxicas e odontolóxicas recollidas nas condicións do contrato.

PRAZO

1.- O contrato que se subscriba entrará en vigor o día 15 de febreiro de 2011, e a súa duración será de 4 anos (ata o 14 de febreiro de 2015 coa posibilidade de dous prórrogas anuais (a última prórroga finalizaría o 14 de febreiro de 2017).

ENTIDADES LICITADORAS

1.- Estarán facultados para participar, os Servizos de Prevención Alleos (SPA), acreditados a nivel nacional na especialidade de Vixilancia da Saúde pola Administración Laboral (previa aprobación da Administración sanitaria no relativo aos aspectos de carácter sanitario), tal e como recolle o artigo 17.- R.D. 39/1997, de 17 de xaneiro, Regulamento dos Servizos de Prevención. Deberán acreditar estes aspectos por escrito.

CRITERIOS DE SELECCION

A- Establécense os seguintes criterios de adxudicación:

1 Oferta económica.

Se valorará de 0 a 40 puntos, de xeito que a proposta máis vantaxosa economicamente levará a maior puntuación e ás restantes asignaráselles de acordo co seguinte sistema.

1º.- Se as baixas ofertadas polos licitadores son iguais ou inferiores ó 5% se aplicara a seguinte formula:

$$P=(\% Bo \times 40)/ 5$$

Onde ,

P é a puntuación a obter por cada licitador

%Bo é a porcentaxe de baixa da oferta a considerar respecto do tipo de licitación.



Concello de Vigo
Servizo RR.HH.

Servizo Prevención Riscos Laborais

2º - Se a baixa ofertada por un ou varios licitadores respecto do tipo de licitación son maiores ó 5% e non son consideradas como temerarias, se aplicara a seguinte fórmula:

$$P=(\% Bo \times 40) / Mb$$

Onde ,

P é a puntuación a obter por cada licitador

%Bo é a porcentaxe de baixa da oferta a considerar respecto do tipo de licitación.

Mb é a maior porcentaxe de baixa ofertado polos licitadores que non sexan considerados como temeraria.

So se consideraran os dous primeiros decimais para as puntuacións obtidas e as porcentaxes de baixa ofertadas.

2 Número de centros acreditados para Vixilancia da Saúde.

Se valorará a existencia de centros acreditados en Vigo, para permitir o cumprimento da obriga legal de realizar a avaliación inicial da saúde dos traballadores despois da incorporación ao traballo, dado que en determinados momentos do ano, como consecuencia das contratacións derivadas dos programas de emprego, pode resultar necesario a colaboración doutra Unidade Básica Sanitaria.

Se valorará de 0 a 20 puntos, de xeito que a proposta que dispoña de máis centros acreditados para Vixilancia da Saúde en Vigo, levará a maior puntuación e ás restantes asignaráselles de acordo coa seguinte formula:

$$P=(Nco \times 20) / Mnco$$

Onde;

P: é a puntuación a obter por este criterio na oferta a considerar.

Nco: é o número de centros acreditados para Vixilancia da Saúde en Vigo, propostos na oferta a considerar.

Mnco: é o número de centros acreditados para Vixilancia da Saúde en Vigo propostos na mellor oferta.

3 Cursos de formación "Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia" dirixido ao persoal de Servizos de Emerxencias. Esta formación deberá contar con dúas partes independentes: a primeira referirase á atención ás vítimas en situacións de urxencia e a segunda a como deben afrontar estas situacións os propios traballadores dos servizos de emerxencia. Deberán especificarse o nº de cursos por ano, o crédito horario do curso, o número máximo de asistentes por curso, o curriculum do formador (incluída a experiencia previa na impartición deste tipo de



Concello de Vigo **Servizo RR.HH.**

Servizo Prevención Riscos Laborais

- actividades formativas a colectivos similares) e o programa destinados a esta formación. Valorarase de 0 a 8 puntos.
- 4 Curso de formación en primeiros auxilios. Cursos presenciais de alto contido práctico, para un máximo de 15 persoas por curso e unha duración non superior a 5 horas. Deberanse especificar os recursos materiais que se destinarán a este curso e número de cursos que se ofertan cada ano. Valorarase de 0 a 3 puntos.
 - 5 Cursos de formación "Normas de hixiene postural dentro e fora do traballo". Programa de exercizos para a musculatura da columna vertebral enfocado a prevención de dores do lombo. Sesións presenciais para 20 participantes (en cada unha) das que polo menos un 50% estarán enfocadas ao traballo con PVD e o resto aos demais colectivos municipais. Deberán especificarse o nº de cursos por ano, o crédito horario do curso, o número máximo de asistentes por curso, o curriculum do formador (incluída a experiencia previa na impartición deste tipo de actividades formativas a colectivos similares) e o programa destinados a esta formación. Valorarase de 0 a 8 puntos.
 - 6 Cursos de formación "Xestión de equipos de traballo para mandos intermedios" (motivación, comunicación, traballo en equipo, toma de decisións, xestión eficaz do tempo, competencias e intelixencia emocional). 1 curso para 25 participantes por ano. Deberá especificarse o crédito horario, o curriculum do formador (incluída a experiencia previa na impartición deste tipo de actividades formativas a colectivos similares) e o programa destinados a esta formación. Se valorará de 0 a 5 puntos.
 - 7 Proposta de campañas e actividades formativas e informativas e de sensibilización de promoción da saúde (deberá presentarse unha planificación coas distintas actividades que se ofertan e especificar os recursos materiais-dípticos, cartelería,...- e humanos que se destinarán a estas). Se valorará de 0 a 8 puntos.
 - 8 Servizo de fisioterapia para un determinado número de postos de traballo do Concello de Vigo, que serán eleixidos polos médicos e a DUE asignados no Concello de Vigo e as técnicas do Servizo de Prevención. Este servizo consistirá en:
 - Enquisa inicial aos traballadores.
 - Ximnasia laboral: preparar cos traballadores exercizos para realizar a lo menos ao inicio da xornada laboral e que terán como finalidade preparar a musculatura do traballador ao traballo diario, mediante técnicas de estiramento, contracción, relaxación, e outros métodos utilizados para prevenir lesións.
 - Escola de postura: orientacións teórico-prácticas para a corrección dos vicios posturais, previniendo posibles reincidencias das lesións. Reeducação postural que permita o aforro de esforzos inútiles adaptándola ás necesidades persoais según actividade, oficio, etc., e enfocando os



Concello de Vigo
Servizo RR.HH.

Servizo Prevención Riscos Laborais

exercicios hacio os músculos que se someten a maior esforzo durante o traballo.

- Cursos e charlas informativas: Sobre a promoción da saúde do traballador, informando sobre os tipos de doenzas que pode producir o traballo.

Neste apartado deberá especificarse e valorarse o número de postos de traballo que se abordarán anualmente (non máis de 8), os recursos humanos e materiais que se destinarán a esta actividade, e a experiencia do equipo de traballo en actividades similares. Se valorará de 0 a 8 puntos.


Vigo, a 25 de novembro de 2010

A técnica de Prevención de Riscos Laborais

Isabel Cabeza Pereiro

A técnica de Prevención de Riscos Laborais

Aránzazu González Soengas



Conforme, a Xefa do Servizo RRHH

María Dapena Gómez